

XISTRAL

REVISTA DE POESÍA
(Lugo, 1949)



(edición facsimilar)

XUNTA DE GALICIA

XISTRAL
Revista de poesía
(Lugo, 1949)

Edición de:
Luís Alonso Girgado
Laura Piñeiro Pais

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Directora Técnica de Literatura:

Blanca-Ana Roig Rechou

© Das ilustracións: Juan Vidales Pousa

Maquetación e impresión:


Segaof, S.L.

ISBN:

978-84-453-5213-7

Depósito legal:

C 284-2016



Manuel María (Outeiro de Rei, Lugo, 6 de outubro de 1929 – A Coruña, 8 de setembro de 2004).

A
Fernando Magán Muñoz
(in memoriam)

Esta edición facsimilar da revista poética *Xistral* (Lugo, 1949), iniciativa de Manuel María Fernández Teixeiro, conta co pertinente permiso de publicación da viúva do escritor, D^a Saleta Goy García, presidenta da **Fundación Manuel María**, da que é secretario Alberte Ansedo Estraviz. A nosa gratitude pola súa xenerosa colaboración.

ÍNDICE

1. *Limiar: A revista de poesía Xistral*
2. “*O meu Xistral*”, de Claudio Rodríguez Fer
3. Nota para *Xistral*
4. Edición facsímile
5. Índice de autores

Xistral (1949)

Número 1

- De Peregrín, Carlos¹: “Juventud” 5
- Gallego, Juan M^a: “Alza, señor, mi piedra” 8
- Iglesia Alvariño, Aquilino: “Xunta ô Xistral” 2
- Manuel María: “La oración del soñador” 6
“Don Ramón del Valle-Inclán” 7
Montero, Lázaro: “Fuente de amor” 5
- Paz, Clotilde: “Soidades” 2
- Pérez Amor²: “Canto a la aurora”
“Recuerdos...” 5
- Pérez, Adolfo Gustavo: “Poema” 3
- Pimentel, Luis: “Saludo” 1

Número 2

- Albarrán, Glicerio: “Frente al mar” 2
- Castro, Ángel L.: “Aquel beso que te he dado...” 4
- Cillero, Antonio: “Al compás de la luna” 2
- Cunqueiro, Álvaro: “Orazón preto da cibdá de Mondoñedo” 5
- Luke, Mariano S.: “Romance de la novia incomprendida” 3
“Fantasía impromptu” 4
- Manuel María: “A cantiga derradeira” 9
“Su sencillez” 10
- Paz, Clotilde: “Gotas de rocío” 8
- Pérez Amor: “Victoria” 6-7
“¡Quién pudiera!” 7
- Pérez, Adolfo Gustavo: “Solos” 11-12

¹ Autor que posteriormente será coñecido como Carlos Peregrín Otero.

² Pseudónimo de Manuel Antonio Sopena Somoza.

1. *Limiar: A revista de poesía Xistral*³

- ¿Como naceu a revista *Xistral*?

- *Xistral* saíu no ano 49, cando eu estaba en sétimo de bacharelato. Axudoume un amigo, Manuel Antonio Sopena, que facía primeiro de Dereito. Era moi disparatado, moi apaixonado, moi gran rapaz. Estaba namorado da guapa oficial de Lugo, que se chamaba Mavisita Ron, e pasou dous anos facéndolle versos, debaixo do seu balcón, sen chegar a falar con ela. Entón decidimos facer unha revista de poesía. O nome déunolo Pimentel. Para o primeiro número, escribiu un poema Aquilino Iglesia Alvariño. Tirámola na imprenta Palacios, e non demos xuntado as cincocentas pesetas que valía a edición.

A segunda revista fómola facer a Gerardo Castro, onde se imprimía *O Gaitero de Lugo*. Daquela comenzou a tomar cartas no asunto a Delegación de Cultura Popular, porque non tiñamos permisos nin nada. Non demos pagado ás imprentas, chegaron as vacacións do verán, eu funme para Outeiro de Rei, e reclamáronnos. Total, que a nai de Sopena e o meu tío xuntáronnos na sacristía de San Froilán, botáronnos unha reprimenda de medo, e pagaron cada un o seu número. Tanto é así que, dous ou tres anos despois, ó facer a colección “*Xistral*” de poesía entre Ánxel Xoán e mais eu, o meu nome xa non figurou para nada.

Na revista *Xistral* foi onde saíron publicados, por primeira vez, os meus versos.

³ Palabras de Manuel María en: Xosé M. del Caño, *Conversas con Manuel María*, Xerais: Vigo, 1990, p. 27.

2. “O meu Xistral”

Claudio Rodríguez Fer

“A miña cova é unha amargue nube rachada / con horas de fusiles recentes”, escribiu o mozo Manuel María no seu “Poema en carne viva”, publicado no libro *Morrendo a cada intre*, en 1952. Traducía así a situación da Galicia da posguerra, desangrada pola guerra civil e pola conseguinte represión, na que pasara a súa adolescencia e na que chegara á vintena da súa idade sen máis acougo fondo que o da poesía.

Por isto, precisamente, en torno aos vinte anos, no Lugo amurallado de 1949, Manuel María tivo a ilusión de dirixir unha revista poética, xunto ao prematuramente malogrado Pérez Amor (pseudónimo de Manuel Antonio Sopena Somoza), para publicar en galego e castelán versos propios e alleos, tanto de admiradas figuras daquela xa consagradas, como Luís Pimentel, Aquilino Iglesia Alvariño ou Álvaro Cunqueiro, como de autorías entón descoñecidas ou novas, como quen acabaría sendo coñecido, co nome de Carlos Peregrín Otero, como lingüista xenerativo e seguidor de Noam Chomsky en América (de feito, o seu libro *Introducción a la lingüística transformacional* sería censurado na España de Franco). Cómpre salientar tamén que entre aquela mocidade emerxente, xunto á que Manuel María se deu a coñecer como poeta, figurou tamén unha muller, Clotilde Paz.

O nome da revista, *Xistral*⁴, foi suxerido por Luís Pimentel, amante da Serra do Xistral, conxunto montañoso situado entre a súa querida Mariña e a Terra Cha nativa de Manuel María, quen tanto a cantaría. Mais non foi Pimentel o único mentor do emprendedor mozo naquela modesta pero histórica e significativa iniciativa. En efecto, Manuel María encontrou no artista, poeta e profesor Ángel Johán un apoio constante e un asesor eficaz, pois realmente foi este un verdadeiro promotor práctico da empresa en

⁴ Sobre a revista, *vid.* Xosé M. del Caño (1990), *Conversas con Manuel María*, Xerais: Vigo, páxs. 47-49; Lois Diéguez (2000), “Lembranza de *Xistral*”, en *Xistral* (Lugo: Concello de Lugo), 3, pág. 61; Luís Alonso Girgado *et alii* (1995), “*Xistral*”, en *Posío (Ourense, 1945-1946)*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro, pág. 69. Edición facsimilar.

cuestión, que el mesmo proseguiría reconverténdoa na colección de poesía do mesmo nome xa durante os anos cincuenta.

Así mo relatou o propio Manuel María nos anos setenta, cando eu trataba de saciar a miña xuvenil curiosidade polas revistas literarias lucenses, pois sobre algunhas delas non encontraba nada escrito, como precisamente era o caso de *Xistral*. Ante o meu interese, Manuel María entregoume unha artesá edición facsímile dos dous números da revista, composta por todas as súas páxinas fotocopiadas e encadernadas por el mesmo utilizando como cartolina azul para a cuberta, na que escribiu subliñado o nome da cabeceira de dita publicación. No interior poden lerse algúns engadidos manuscritos por el mesmo, que corríxen deficiencias da edición, completando e restaurando o seu auténtico contido.

Malia que Manuel María escribiu grandes eloxios sobre min, remitíume cordialísimas cartas e asinoume agarimosas dedicatorias, moitas veces destinadas á par que a Carmen Blanco, así como nalgunha ocasión tamén á nosa filla Mariña, gardo como un dos seus máis queridos e valiosos agasallos esta edición súa de *Xistral*, que tantas veces foi útil para investigadores e curiosos e que agora me agrada tanto facilitar ao meu ex-profesor no antigo Colexio Universitario de Lugo e prolífico crítico literario Luís Alonso Girgado, –incansable promotor da edición de tantas e tan variadas revistas da Galicia interior e da Galicia exterior–, para que a reedite no Centro Ramón Piñeiro.

Agrádame así mesmo que con esta reedición se faga xustiza poética aos promotores e colaboradores que lograron sacar adiante *Xistral*⁵ sen pasar pola censura franquista no escuro Lugo da posguerra, sobre todo aos que viñan de padecer a represión fascista na súa familia e na súa sensibilidade, como o poeta Luís Pimentel, ou en carne propia, como o pintor Ángel Johán e o profesor Glicerio Albarrán, ambos depurados da función pública e mesmo encarcerados a raíz do levantamento militar contra a II República de 1936.

⁵ No ano 2000, o Concello de Lugo retomaba a cabeceira *Xistral* para unha nova “Revista lucense de creación poética”, que na actualidade continúa a súa xeira e vai polo número 18 (2015).

3. Nota para *Xistral*, (Lugo, 1949)

Novamente temos unha publicación de vida absolutamente efémera. Novamente o froito dunha aventura entusiasta, individual, menos que precaria na súa economía. *Xistral*, en efecto, foi unha publicación promovida por Manuel María e Manuel Antonio Sopena Somoza. No seu único ano de existencia, 1949, en Lugo, tirou dous números. Carecían os seus promotores e fundadores de calquera tipo de permiso legal para a publicación e, de certo, tampouco tiñan máis intención cá de facer unha revista de poesía. O resultado foi que, saído do prelo o número 2, xa non puideron sufraga-los gastos de impresión, que foron 500 pts. aproximadamente por número. Segundo lembranza do mesmo Manuel María, o número 1 pagouno o seu tío, que era crego, profesor de Filosofía no Instituto Feminino de Lugo e párroco de San Froilán. O número 2 foi custeado pola nai de Manuel A. Sopena, profesora de Matemáticas da Escola Normal de Lugo.

Amosa *Xistral* un formato de 24,5 x 17 cm, carece de calquera tipo de autorreferencia dos seus datos (agás número e ano), non leva separatas nin tampouco textos programáticos, coa excepción dun poético e difuso “Saludo” da autoría de L(uís) P(imentel) que preside o número 1. Está paxinada e a cabeceira vai en cor vermella. Trátase dunha revista estritamente lírica, con algunha mínima achega de prosa poética. Non posúe tampouco páxinas de información ou crítica. Carece así mesmo de ilustracións.

A reducida nómina de colaboradores evidencia a dimensión case exclusivamente luguesa de *Xistral*. O xa citado Luís Pimentel, a carón de Manuel María, A. Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Clotilde Paz, o asturiano Adolfo Gustavo Pérez (colaborador de *Alba e Espadaña*), Pérez Amor (pseudónimo de Manuel Antonio Sopena Somoza), Lázaro Montero, Carlos Fernández Otero (que asina Carlos de Peregrín e que logo sería coñecido como Carlos Peregrín Otero, discípulo do lingüista norteamericano Noam Chomsky, sobranceira figura da escola xenerativista norteamericana), Juan M^a Gallego, Glicerio Albarrán (un curioso e estafalario profesor do Instituto lugués), Antonio Cillero,

Mariano S. Luke e Ángel L. Castro, forman o grupo de poetas de *Xistral*. En galego só temos un total de cinco composicións: dúas no número 1 e tres no número 2. Son poemas da autoría de Luís Pimentel, Manuel María, Álvaro Cunqueiro, Clotilde Paz e Aquilino Iglesia Alvariño.

É practicamente imposible facer un balance dun proxecto que, en definitiva, non pasou desa mesma condición. *Xistral*, como antes *Numen*, foi unha criatura case non nata, froito do fervor pola poesía. No terreo da lingua, advírtese nela, unha vez máis, a práctica bilingüe obrigada naqueles difíciles anos de posguerra, moi desequilibrada cara o ámbito do castelán. Formal e tematicamente o seu signo foi a diversidade. Poesía de afirmación relixiosa, lírica da terra, poemas da evocación da infancia e outros de carácter amoroso xorden ben en sonetos, ben en composicións de versos libres ou semilibres. Sen posuír unha liña directriz pola que poidamos afirmar que *Xistral* foi unha revista de director, sen dúbida esta cabeceira poética vai estreitamente vencellada ó nome de Manuel María, fecundo poeta e impulsor –a carón de Ánxel Johán– da colección *Xistral* de poesía, que iniciaba a súa curta xeira tamén en Lugo, no ano 1952, coa publicación do poemario *Ánfora*, de Luz Pozo Garza.

Pola súa situación cronolóxica, *Xistral* foi compañeira de viaxe de cabeceiras como *Cartel* (Vigo, 1945), *Vamos* (Santiago, 1948), *Alba* (A Coruña-Vigo, 1948), *Mensajes de Poesía* (Vigo, 1948), *Posío* (Ourense, 1946), *Posío. Arte y Letras* (Ourense, 1951), *Aturuxo* (Ferrol, 1952) e aínda do xornal vespertino *La Noche* (Santiago, 1946).

(L.A.G)



Chisale
Dole
Barona

XISTRAL

1949

SALUDO

XISTRAL, alto monte; de nuestra tierra el más alto; donde las voces innumerables del mar aún le llegan. Desde allí, un grupo de jóvenes nos contempla...

"Ronsel", camino, huella, surco en el mar: surco, camino y huella que se borran. Las aguas se cierran sobre los pasos invisibles. Pero por la mirada ardiente y aguda de estos jóvenes, desde lo alto, fué divisado nuestro surco, adivinadas nuestras huellas sobre aquel mar aparentemente en reposo.

En aquel barco ya viejo, muerto en tierra, un grupo de jóvenes hace tiempo se había enrolado con una demasiada carga de sueños; algunos aún seguimos, heridos, ensangrentadas nuestras manos de querer clavar las cuadernas viejas y rotas...

Empujad, empujad desde lo alto con vuestros ojos abiertos al misterio, a ese pobre barco nuestro, viejo y muerto en tierra; empujadlo hacia ese mar con el que aún sueña. Y que otra vez aparezca tras él ese ronsel sobre un mar aparentemente en reposo.

L. P.

Xunta ô Xistral

Xunta ô Xistral, de cara á Mondañedo,
se eu andivera agora de acabalo
ô longo dos valados, cheos de uces,
e chirlos de calandra, e un leve son,
que case non se sinte,

eu podería
escribir un poema ledó ô dreito,
de unha música doce e solermiña
coma a de unha xesteira erma e escura.

Un poema moi doce, ledó ô dreito,
coma os días de cando un era pícaro
e sentía no aire verdegado
dos primeiros de abril un latir quente
de papiños de rulas recén vídas
e de niños de merlo e de carrizo.

Se eu andivera agora de acabalo,
agora que ô aire é leve e ten un doce
corazón de unha música lonxana
que vén de non sei onde, co primeiro
florear das xesteiras do Xistral.

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO

Soidades

Meu corazón: non mereces
que che teña boa ley;
os amores que tí síntes,
fánme sempre padecer.

Meu corazón: deixa-axiña,
deixa-axiña de querer,
si hoxe morro de tristura,
namorada: ¿vivirei?.

CLOTILDE PAZ.

P o e m a

Es la voz de la tierra
en la mañana que flota.
sobre cóninas de ayer,
madura elevación de mis sentidos,
inaudita ascensión a un mundo nuevo.

Todos los años viene Dios, silencioso,
a desbordarse en un mar de panojas
y en un torrente de espigas.

Salgo con mi piel para la aurora,
en el redondo afán de cada día,
por sentir los cuchillos del alba
hundir su bruñida lengua en mis venas,
por tocar los reñidos cabellos
de todos lo que sueñan,
de todos los que forjan instantes dorados
y van, como yo, por el mundo,
rompiendo silencios de muerte
y espesas tinieblas.

(A un lado, como árboles secos,
detenidos, rebeldes a la vida,
los muertos perdonan mis sueños
pudriendo la tierra,
rezumando quedamente
su ritmo de silencio
bajo la densa humedad atesorada
de su delicuescencia).

Siempre, cuando derrama Dios su gracia,
su madurez cansada,
su fecundo desbordamiento
sobre esta tierra sucia de relámpagos,
siento que mi sangre se prolonga,
se alarga, se dilata
en un fluir constante y vigoroso.

ADOLFO GUSTAVO PEREZ

Canto a la aurora

Por las estepas áridas,
amazona guerrera del corcel de los vientos,
rauda cruza la aurora,
y a su paso los genios de la noche
se disuelven en átomos,
y es un grito de guerra el que en su boca
anuncia el despertar de un nuevo día,
y es flamígera espada la que empuña su diestra
y es un júbilo loco el que brilla en su cara.

Una vez que ha cumplido la misión de las llamas,
incendiada la arena que a su furor resiste,
hacia el cielo retorna,
y su aliento que abrasa a las nubes envuelve,
y su cuerpo en un disco
se transforma de fuego
y el ámbito del mundo recorre a la carrera,
despertando sus ecos, su grito de victoria.

Recuerdos...

El sol en el parque
con tibio reflejo
las hojas del árbol
bañaba de fuego.

Recuerdas....
el azul estanque
que surcaban raudas
azules libélulas,
las ramas del sauce
pendiendo frondosas
sobre las orillas,
el rumor suave
de las florecillas

que el viento besaba,
las notas vibrantes
de un ave en el cielo.

Recuerdas.....
aquellas promesas
que de amor me hiciste,
aquel juramento
perdido en sollozos,
aquellas miradas
y luego..... aquel beso
que sobre mi boca
tus labios pusieron.....

PEREZ AMOR

Fuente de amor

Deja, Señor, que siga en Tu costado,
fuente de amor, fluyendo inagotable;
deja que en élla apague la insaciable
sed de amar, que mantiéneme abrasado.

Concédeme beber, porque embriagado,
con vino de Tu herida venerable,
mi odio se ha de trocar en inefable
pasión de amor por todo lo creado.

Yo sé, Señor, que solo de Tu fuente,
el amor surge limpio de impurezas,
por éso en ella manantial procuro
donde mi amor bebiendo se acreciente,
siendo el amor de efímeras bellezas
camino de un amor más firme y puro.

LAZARO MONTERO

J u v e n t u d

A Manuel María

Atrás quedó la infancia. Ya es la hora
de gozar y fruir el sumo bien.
No turban los cuidados verde sien;
encandilada el alma, ya no llora.

Olvidada sucumbe la dolora,
se gozan alegrías—uva hebén—,
pues trasponer las puertas de este edén
es como desfogar sonriente aurora.

Cuando, al soplo divino, aliente Hebe
se dispone el espíritu a gozar
de su presencia, demasiado breve.

Y atento a su continuo prodigar
sin doblegar su terco orgullo, bebe
destiladas esencias de azahar.

CARLOS DE PEREGRÍN

La oración del soñador:

¡Señor:! yo no encuentro
la dicha soñada....

Y el alma cansada, soñando imposibles
se muere en la tarde,
sin versos,
ni besos,
ni una campana que toque a difunto.

Se muere, Señor, como un ave
que vuela muy lejos.

Se muere en la tarde tranquila de otoño,
igual que una ola que muere en la playa,
igual que una hoja que llevan los vientos.

Se muere cansada, soñando imposibles
y no hay una estrella en el campo del cielo,
y no hay una luz que brille en la sombra,
y no hay ni un gemido que rasgue el silencio.

¡Señor:! yo no encuentro;
la dicha soñada....

Y el alma se apaga
igual que una vela.

Y el alma, cansada, soñando imposibles
se muere en la tarde,
igual que una rosa
que llevan los vientos.

Manuel María

Don Ramón del Valle-Inclán

Valle-Inclán poeta y soñador
se desvanece en un sueño de la aurora.
—Bradomín. Esperpento. Militar.—

La tierra de Galicia. Costas bravas.
Un mayorazgo linajudo y señorial.
—Pergamino. Aventura. Letra gótica.—

Seguir por la vida predicando:
—Sonatas. Rosalinda. Epitalamio.—

Un suave rumor de golondrinas.
Una ruta de estrellas en el cielo
—Camino de Santiago.—

Apóstol de una causa.
Comandante general. Carlista. Liberal.
Y un brazo perdido en la pelea....

Doña Estefaldina sueña con la luna.

La rosa del milagro ha florecido
en el jardín eterno de la gloria.
Sólo queda una sed aventurera
proyectada en el cristal de algun espejo.

Y unas barbas de apóstol venerable
con blancura de luna inmaculada.

Alza, Señor, mi piedra

Yo quisiera, Señor, en estas horas
resucitar el tiempo en que me hallaba
más lejos de la muerte, y de tu hora,
pero cerca de Ti, porque mi alma
sabía que ignoraba la distancia.

Aquel tiempo se ha muerto
en este tiempo, y ya mi caracola
no guarda aquel acento de la voz
con que hablaste a Lázaro.

Alza, Señor, mi piedra
y ordéname otra vez que resucite.

JUAN M.^a GALLEGO





XISTRAL

II

1949

Primeira Comunión

PRA PURIÑO DE CORA

Limpa, branca,
tersa mañá.
Hastra os tellados
están de festa.
Tudo o Altar
veuse contigo
¡carabela de luces!
maríñeiriño do Ceo.
Tí non o sabes
e unha coroa de lirios
traes na fronte.
A teu paso hoxe
arcos de azuceas
se erguen.
Tudo o Altar
veuse contigo
¡carabela de espumas!
Alá quedou o tempo
pechado,
e na soma a patena
chea dun divino silencio.

Julio 1949.

L. PIMENTEL.

Frente al mar

Olas vienen y olas van
rizando la testa del mar.

* * *

Ondas de espuma,
bucles de plata,
trenzan la inquietud
del agua salada.

* * *

Como el pensamiento,
como la verdad,
como el sentimiento,
como el bien o el mal,
tranquilo o violento
—viento, pensamiento—
ni es el mismo el viento,
ni es distinto el mar.

G. ALBARRÁN

Al compás de la luna

Entre el tupido ramaje de unos floridos rosales
hace vibrar los cristales
de su canto
un mirlo, y en la campiña el eco que le sucede
embalsama cuanto puede
con su encanto,
y esa nota delicada de ese trino desgranado
tras el virídeo celaje
de la rama,
es el canto enamorado
que lanza como mensaje
el mirlo para su dama.
Si yo pudiera cantarte como el mirlo canta, así
escondido entre el ramaje
de un rosal, junto a su flor,
cantaría para tí
lanzando como mensaje
mis ilusiones de amor.

ANTONIO CILLERO

Romance de la novia incomprendida

¿Por qué lloras en la noche
novia de tu mismo ensueño?
Tu corazón tiene hambre
de sed y presentimientos.
¿Por qué gritas a la niebla,
novia del amor eterno?
Tus ojos hablan con sed,
de sombras y de recuerdos.
¿Por qué miras tanto el mar
de nácar del firmamento?
Tu mirar es más azul
que las lágrimas del Cielo.
Concierto de las quimeras,
sonata de los deseos,
celestes apoteosis,
música de sentimientos,
sueños de eterno soñar
sueñas al borde del viento.
Tu leyenda de esperanza
no quiere lo que yo quiero.
No vuelvas más a tu mundo
y escóndete en un recuerdo.
No hay sueño como la vida
ni amor como el de tu sueño.

MARIANO S. LUKE

Fantasia impromptu

Todos los días nacen distancias de la nada;
la cifra de las horas multiplica los velos,
pero cada minuto se deshace en anhelos
que desbordan el filo de una fecha encantada.
¡Universo acendrado, ave que torna en hada,
ala de azules rutas, pluma de negros vuelos!
Debajo de una bóveda de encandecidos Cielos
hay un perfil sereno de mar iluminada.
Sobre él, un castillo de marfil, ¡sortilegio
hecho de lunas tristes, de noches y de días
tras esa engañadora crueldad de la Verdad!...
En el alma se funden un adiós, un arpegio
perdido entre recuerdos de antiguas sinfonías
y el invento indecible de la inmortalidad...

MARIANO S. LUKE

Aquel beso que te he dado
nadie me lo ha visto dar.
Únicamente la luna
nos ha podido espiar.

ANGEL L. CASTRO

Eu chamo aos mosegos que descen dos teus ollos
até cobrer as pedras mais recentes.

En cada arbre a ponla onde aniñan os melros
sanga lentamente, ao escoitar ao vento que pasa.

Terás, cidade, de resucitar ao terceiro día,
pro até entón vagarán pólo teu peito os fantasmas da choiva coa boca chea de
[terra e lúa,
e terás de dormir anque nos soñemos con bosques vermellos nos que as égoas
brincan coas pombas veira dun río de laurés dourados.

Isa música que ouces, cidade, é un reloxo de cobras negras,
a agulla que fire teu corazón e queima teu rostro,
namentras descansas ao pé dos montes recobrados,
ises montes que mar deitou, restos do primeiro naufraxio.

Comenzarás a espreguizarte cando os anxos da Paula
recollan o teu sono de bronce coas suas máns,
i-eu quixera estar entón a teu carón
cun anaco de branco ceo nos beizos,
preguntádoche onde deixache a noite, a choiva, o silencio i-o vento.

Falo na miña cidade anerga e sacramental,
disposta no chán como unha muller preñada e silenciosa.
Ollo pra o labrantío do seu seo i-o bosque do seu rostro.

ALVARO CUNQUEIRO

¡VICTORIA!

Vibró en el firmamento la trompa que del triunfo
sus notas estridentes al Cielo levantó,
y un águila,
de pico refulgente y poderosas alas,
partió como saeta la nueva a proclamar.
Y un genio que tenía,
del bosque en lo profundo,
oculta entre los árboles su mansión infernal
¡Victoria! gritó y prestos
los ecos repitieron ¡Victoria!
y se ocultaron del bosque en el umbral.
Y en un pueblo de inmundas
y pestíferas casas,
región de la pobreza y de la enfermedad,
¡Victoria! repitieron varones y mujeres
y una sonrisa unánime
iluminó su faz.
Compacta muchedumbre,
enronquecida, a coro
eleva al infinito su grito colosal.
El mundo se transforma
en repugnante fiera,
rienda suelta al instinto por doquiera se da,
y en la altura se escucha
el concierto que forma
la comparsa maldita del maldito Satán.

* * *

Tan solo en una choza, olvidado de todos,
ajeno a la que escucha
terrible confusión,
pensativo, un poeta
vive sueños dorados
que ha forjado en su mente,
febril, inspiración.

PÉREZ AMOR

¡Quién pudiera!..

¡Quién pudiera volar como las aves
y en suspiro veloz el infinito
surcar en un instante!

Para besar tu boca y dulcemente
ante tus pies postrarse.

.....
¡Quién pudiera del mar ser azul onda
que ciñese tus plantas en la orilla
al despertar la aurora!

Para expirar al fin sobre la arena
enamorada y sola.

.....
¡Quién pudiera ser sombra de tu cuerpo
y seguirte, doquiera que camines,
perdida en el silencio!

Para velar tus pálidos despojos
en el oscuro féretro.

PÉREZ AMOR

Gotas de rocío

A TÍ RAFAEL

Te miré dichosa y tus ojos—¡tan azules!—respondieron alegres a mi muda bienvenida. En notas musicales dijo mi alma: ¡Al fin llegaste! y la tuya exclamó: ¡Al fin te encuentrol...

* * *

¿De dónde vienes? ¿Quién te ha traído junto a mí? ¿Una nube o una estrella? ¿Acaso una onda marina?... Estás a mi lado y no me canso de mirarte. Tus claras pupilas me acarician amorosamente y yo tiemblo ruborosa.

* * *

A mis oídos llega una melodía tan dulce, como el susurro de las hojas que bailan con el viento. Es el canto de mi corazón que festeja tu llegada.

* * *

Tu sonrisa es dulce como el rezo de un niño y tu voz suave como el rumor de un beso. Cuando hablas te escucho absorta, porque tus palabras son cálidas y hermosas como las de una canción de primavera.

* * *

Hacía mucho tiempo que te esperaba—tanto, como días viste pasar—pero yo no lo supe hasta aquella tarde. Nuestras miradas se cruzaron y entonces comprendí el lenguaje de lo Infinito.

CLOTILDE PAZ

A cantiga derradeira

AO MEU AMIGO RAMÓN PIÑEIRO

Eternidás de lua chea
que coroan
as verbas do luar.

O sagredo limpo da mañán:
cómo tremelaba
co seu garrido novo de cristall!

E brila antre carqueixas
a cantiga derradeira
tan quedíña...!

Soedá durmida nos currunchos
que voltarán mañán.

Las bágoas que van nascendo nas rodeiras
alónganse preto dunha ermida
que fai soar suas bateladas máis alá...

MANUEL MARÍA

Su sencillez

Su preciosa mentira viajera
era maravilla
de bordes flotando
entre sus labios.

Su misma sencillez
era la mirada silente
de su arrullo.

Su dulzura
era la enhebra azul
que oía mis poemas.

En la noche
enarbola todas mis angustias
y el camino de mi alma
queda yerto
sin que logre despertarlo un horizonte.

MANUEL MARÍA

S O L O S

Solos en cuerpo y alma.
Solos tú y yo con nuestra primavera
evidente, en el olvido humano,
en el destierro puro
de nuestro amor sin nombre ni medida,
en este mundo nuestro, todo lleno
de pomaradas blancas
e inolvidables horas deslumbrantes.

* * *

¡Solos! Colmado yo de tu amoroso
incendio, y plena tú de mi infinita
entrega, traspasados
de gozo o tibias alas,
floridos de silencio,
con volcanes de amor que nos proyectan
hacia un abierto y limpio amanecer,
donde el bullir de selva de tu carne
y el perdurable incendio
de mi cuerpo rotundo, arborescente,
renacen cada día y nos apuñalan
esta carne enjaulada,
copiosa, densamente irreductible.

* * *

Solos los dos, sin nadie;
solos en este viento que nos cierne
y suave nos desliza
por las rutas ocultas

de algún Cielo imprevisto;
solos en cuerpo y alma
con nuestros labios secos de ardimiento,
en tránsito seguro hacia clarísimos
astros de inmarcesible exquisitez.

* * *

¿No se te abrasa en fuego
el corazón, el alma, las entrañas
como a mí se me agostan, flagelantes,
en un retorcimiento inagotable?..
Oh mujer ¡Cómo llenas con tu calma
mi soledad de hombre,
mi angustiosa certeza
y el vacío pavoroso de mi alma!

* * *

¡Qué colmado me siento
de plenitudes hondas,
de llamaradas dulces
desde que te respiro ávidamente
en éxtasis de lluvia!
Solos. Solos en cuerpo y alma. ¡Siempre
solos tú y yo con nuestra primavera!

ADOLFO GUSTAVO PÉREZ

(Del libro inédito: «Creciendo hacia tu pecho»)

Outros facsímiles editados polo Centro Ramón Piñeiro

- *A Gaita Gallega* (A Habana, 1885-1889)
- *A saudade nos poetas gallegos*. Ramón Cabanillas Enríquez e Eladio Rodríguez González
- *Aires d'a miña terra* (Bos Aires, 1908-1909)
- *Airiños d'a miña terra* (A Habana, 1909)
- *Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía* (A Coruña, 1948-Vigo, 1956)
- *Alma Gallega* (Montevideo, 1919-1967)
- *Arazua* (Montevideo, 1929-1930) – *Raza Celta* (Montevideo, 1934-1935)
- *Aturuxo. Revista de poesía e crítica* (Ferrol, 1952-1960)
- *Aturuxos*. Ramón Armada Teixeiro
- *Bohemia. Revista semanal ilustrada* (A Habana, 25 de abril de 1915)
- *Centro gallego* (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13)
- *Cristal* (Pontevedra, 1932-1933)
- *Cultura Gallega* (A Habana, 1936-1940) [Facsímile dos anos 1936-1937]
- *Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal*. Vicente Risco.
- *Eco de Galicia* (A Habana, 1917-1936)
- *El gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre*.
- *Eufonía* (Buenos Aires 1958-1959)
- *Galicia. Revista do Centro Galego* (Montevideo, 1929, número 151)
- *Galicia. Revista del Centro Gallego*
- *Galicia. Revista semanal ilustrada* (A Habana, 1902-1930) [Facsímile dos anos 1904-1905]
- *Galicia. Revista semanal ilustrada* (A Habana, 1902-1930) [Facsímile dos anos 1902-1903]
- *Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales* (A Habana, 1885-1890)
- *Galicia Nueva* (Montevideo, 1918)
- *Galiza* (Mondoñedo 1930-1933)
- *Gelmírez. Hojas de otoño a primavera* (Santiago de Compostela, 1945-1946)
- *La Alborada* (A Habana, 1912)

- *La Noche. Suplemento del Sábado* (Santiago de Compostela, 1949-1950)
- *La Primera Luz. Manuel Martínez Murguía.*
- *La Tierra Gallega* (A Habana, 1894-1896)
- *La Tierra Gallega* (A Habana, 1915)
- *La Unión Gallega*
- *Mundo gallego. Revista de Galicia en América* (Bos Aires, 1951-1952)
- *Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste'* (1918-1919)
- *O Irmandino. Órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai*
- *Posío* (Ourense, 1945-1946)
- *Posío, Arte y Letras* (Ourense, 1951-1954)
- *Prensa galega en Arxentina (1907-1963): Lar Galician / Alalá / Alborada / Alén Mar*
- *Resol* (Galicia, 1932-1936), *Bos Aires* (1937-1938), *Galicia* (1990)
- *Saudade. Verba galega nas américas* (México, D.F., 1942-1953)
- *Suevia.* (Bos Aires, 1913. *Revista gallega regionalista*) / (Bos Aires, 1916. *Revista gallega*)
- *Tapal. Noia*, 1950.
- *Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado* (Montevideo, 1917-1918)
- *Universitarios. Revista de la F.U.E* (Santiago de Compostela, 1932-1933)
- *Yunque. Periódico de vanguardia política.*
- *Escolma de almanagues galegos (1865-1929)* [Bos Aires – A Habana – Galicia]
- *1985. Almanaque gallego.*
- *Lérez. Revista do centro pontevedrés de Bos Aires* (1962)
- *Prensa galega da Arxentina* (1935-1964)
- *Céltiga. Bos Aires* (1924-1932)
- *Soma de craridades por Álvaro Cunqueiro e unha carta a Luís Seoane por Santiago Montero Díaz.*
- *Céltiga. 1925-1926.*

COLOFÓN

A presente edición facsimilar de *Xistral*, (Revista de Poesía, Lugo, 1949), fundada e dirixida polo poeta lugués Manuel María Fernández Teixeiro, rematouse de imprimir no prelo de Segaofo, S.L, en Santiago de Compostela, o día 21 de marzo de 2016, declarado pola UNESCO Día Mundial da Poesía.



galicia

ISBN 978-84-453-5213-7



XUNTA
DE GALICIA